XUNTA DE GALICIA

ACTA DA MESA PREVIA DE NEGOCIACIÓN ENTRE OS REPRESENTANTES DOS ÓRGANOS SUPERIORES E DE DIRECCIÓN DA PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA E AS PERSOAS REPRESENTANTES DAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS CON REPRESENTACIÓN NA MESA SECTORIAL DE FUNCIONARIOS/AS PÚBLICOS/AS.

DATA: 16 de novembro de 2023

Hora da convocatoria: 13:00 horas

Lugar: presencial (sala de xuntas da Secretaría xeral da Presidencia – Edificio Administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela) e por medios telemáticos (videoconferencia).

POLA PRESIDENCIA DA XUNTA

A vicesecretaria xeral	Amparo Pousada Soliño
O xefe do Servizo de RRHH e Réxime Interior	Juan Carlos Macho Gómez

POLAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS

En representación da CIG	Jesús Pérez Balirac
En representación de CSIF	Juan Carlos Rivas Vázquez Marco Antonio Freire Serén
En representación do SEPGA	Pablo Nimo Ríos Carlos Folgar Ares
En representación de CC.OO.	Juan José Rodríguez Blanco Estrella Llano Buján
En representación de UXT	Belén Regueira Hermida

Asiste a xefa da Sección de Persoal da para os labores de levantamento da acta.

En Santiago de Compostela, na sala de xuntas da Secretaría Xeral da Presidencia - Edificio Administrativo San Caetano e por videoconferencia, sendo as 13:00 horas do día 16 de novembro de 2023, reúnense as persoas anteriormente citadas co obxecto de debater a proposta de modificación da relación de postos de traballo dos órganos superiores e de dirección da Presidencia da Xunta de Galicia.

A vicesecretaria xeral da Presidencia abre a sesión expoñendo o motivo desta primeira reunión, consistente na posta en coñecemento da modificación da relación de postos de traballo, nos termos xa expostos na propia memoria xustificativa remitida xunto coa convocatoria da reunión.

En liñas xerais, o que persegue esta modificación é actualizar o cadro de persoal da Asesoría Xurídica Xeral para adaptalo á súa estrutura orgánica e adecuar os efectivos de persoal para garantir o cumprimento das súas funcións consonte aos principios de eficacia e eficiencia e tendo en conta o volume de traballo existente.

En esencia, a modificación proposta supón a creación de dous postos de traballo:

Un primeiro posto de *Letrado/a Especialista en Asesoramento e Apoio á Produción Normativa*, de nivel 30, con forma de provisión por libre designación segundo o establecido no artigo 92 da Lei de emprego público, aberto ao subgrupo A1 e de adscrición indistinta a persoal funcionario da Xunta de Galicia, Estado e Comunidades Autónomas.

A creación deste posto responde á necesidade de reforzar as seguintes funcións: informe dos anteproxectos de lei, proxectos de disposicións con rango de lei e regulamentos, para a súa adecuación ao ordenamento constitucional, estatutario e legal e á técnica normativa. Tamén a asistencia nos procesos de elaboración e tramitación dos anteproxectos normativos e o asesoramento xurídico naqueles asuntos que se lle encomenden.

Coa finalidade de realizar tarefas administrativas asociadas e necesarias para a función de asistencia xurídica, proponse a creación dun segundo posto, unha *Xefatura Sección de Apoio Xurisdicional*, con forma de provisión por concurso, aberto aos subgrupos A1, A2 e C1 e de adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia.

No que respecta ao gasto derivado da creación destas dúas prazas, financiarase coa amortización de postos, vacantes e non ocupados.

A maiores do mencionado, o segundo bloque da modificación refírese unicamente ao cambio de codificación dun posto como consecuencia da creación da Sección mencionada e ao cambio de denominación doutro posto por causa da modificación no decreto de estrutura do rango da Asesoría Xurídica Xeral e do seu titular.

Unha vez presentadas as liñas xerais da modificacións, pola vicesecretaria xeral conclúese manifestando que o obxectivo desta primeira reunión é contactar, presentar a modificación e abrir un prazo de alegacións escritas, para o cal se outorgaría ata o 22 de novembro, para convocar logo unha segunda reunión á vista das alegacións que se reciban. Esta podería realizarse o día 23 de novembro, se todos os presentes están conformes.

A vicesecretaria xeral concede unha rolda de intervencións á representación das organizacións sindicais:

<u>Intervención da CIG</u>

Comeza o representante da CIG agradecendo tanto o adiamento da reunión con respecto á data fixada inicialmente como os prazos "*tranquilos*" concedidos, aínda que se trate dunha modificación de RPT reducida.

No relativo á modificación propiamente dita, desgústalles a creación de dous postos de traballo en contraposición coa amortización de tres, coa destrución neta, polo tanto, dun posto.

Con respecto á modificación da denominación dun posto para adaptalo á nomenclatura actual, remítense ao Decreto de estrutura. Consideran que, aínda que o titular da Asesoría Xurídica teña rango de secretario xeral, é un asesor xurídico, polo que pensan que sería bo adoptar unha denominación do tipo "*Secretario/a do/da Asesor/a Xeral*". Dese xeito, se se volve modificar o rango da Asesoría, non sería necesario modificar tamén a denominación deste posto concreto.

Neste punto, aclaran tanto a vicesecretaria xeral como o xefe do Servizo de RRRHH e Réxime Interior que o titular da Asesoría Xurídica non se denomina "asesor xeral" no Decreto de Estrutura da Presidencia, senón que é Secretario xeral da Asesoría Xurídica Xeral.

Insiste o representante da CIG en que na estrutura orgánica indícase "asesor xurídico ... con rango de secretario xeral".

Fóra das cuestións mencionadas, non ten nada máis que engadir.

Intervención de CSIF

Sinala que logo de recibida a documentación, presentarán as alegacións oportunas se son necesarias.
En xeral, non están de acordo en que se financie a creación duns postos coa amortización de outros.

Intervención do SEPGA

Comezan agradecendo que fose concedido tempo suficiente para a valoración da modificación.

Refírense á situación global do departamento da Asesoría Xurídica Xeral responsable da tramitación dos informes en materia normativa, que lles consta son dunha alta calidade.

Parécelles insuficiente o número de efectivos porque lles consta a existencia de atrasos nos expedientes de tramitación normativa. Consideran que a Asesoría Xurídica ten que estar dotada con persoal con formación, experiencia e nun número adecuados, de xeito que se realicen os informes en tempo, para evitar así que se resintan outras unidades por posibles transcursos de prazos establecidos.

Solicitan entón que se dote a Asesoría de maiores recursos pero para poder facer unha valoración máis oportuna e por un exercicio de transparencia necesitan saber cal é a situación actual dos postos, sen entrar en datos persoais: cantos postos hai, cantos ocupados en comisión de servizos, cantas persoas son de escala, se son de fóra ou da Xunta, os niveis, antigüidade, etc.

Na propia memoria xustificativa faise constar a ampliación da competencia do persoal letrado a organismos públicos dependentes da Xunta e solicitan información con respecto aos postos de persoal letrado nos ditos organismos.

Non lles parece ben a apertura de postos a persoal doutras administracións. Non debería ter que recorrerse a iso cando menos porque non hai reciprocidade por parte desas outras administracións, por exemplo no caso da Admón. local.

Intervención de CC.OO.

Pola súa parte, botan de menos na documentación enviada a memoria económica e o listado de equivalencias, por coherencia co resto de modificacións tramitadas.

Non están de acordo coa amortización de postos. Entenden que, se estes postos se amortizan é porque, ou non están no organigrama ou non se necesitan, pero aínda así, trátase dunha destrución de emprego. O ideal sería que non houbese necesidade de amortizar.

Con respecto á creación do posto de Letrado, non están de acordo coa súa apertura a persoal doutras administracións xa que consideran que o persoal da Administración pública galega é o suficientemente competente sen abrir postos de libre designación a este tipo de persoal.

Por último, agradecen tamén o adiamento da reunión, sobre todo pola carga de traballo que están tendo.

Intervención de UXT

A súa representante dá tamén as grazas por adiar a data da reunión.

A continuación e con respecto á modificación da RPT, ao igual que o resto de compañeiros das outras organizacións sindicais, manifesta non estar de acordo con que o posto de Letrado se abra á súa cobertura por persoal doutras administracións, sobre todo ao tratarse dun posto de libre designación.

Fai constar tamén que, de todos modos, presentarán as súas alegacións no correspondente prazo.

Logo de rematada a rolda de intervencións por parte das organizacións sindicais, a vicesecretaria xeral agradece a todos os presentes as súas achegas e súa asistencia, indicando que lles será remitida tanto a memoria económica como a táboa de equivalencias.

En atención ás alegacións verbais efectuadas nesta reunión e ao reducido número de modificacións contidas na proposta, e aínda que inicialmente se comentou que se concedería prazo para alegacións escritas e se realizaría unha segunda reunión, neste punto consúltase a todas as OO.SS., trala indicación destas da alta carga de traballo, sobre a oportunidade ou non de celebrar unha segunda xuntanza. Todas elas manifestan expresamente estar de acordo en que non é necesaria, indicando que non van efectuar alegacións por escrito, á vista das xa expostas, e que se pode continuar coa correspondente tramitación pasando á Mesa.

Ao non realizarse esa segunda reunión:

- o representante de CSIF pide a palabra e completa a súa intervención anterior para que consten en acta as alegacións xa manifestadas, co seu desacordo coa apertura do posto de Letrado a persoal doutras administracións.
- a representante de UXT maniféstase no mesmo sentido.

Para finalizar, a vicesecretaria xeral dá as grazas a todos e fai un último apunte indicando que se remitirá a acta en borrador e, trala conformidade con esta das organizacións sindicais, continuarase coa tramitación da modificación.

Remata a sesión ás trece horas vinte minutos do día anteriormente indicado.

A presente acta, que consta de 4 folios, debidamente asinados e rubricados, expídese en Santiago de Compostela na data da sinatura electrónica.

Amparo Pousada Soliño
Vicesecretaria xeral

Mª Josefa Frías Castro
Xefa da Sección de Persoal